

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE FEBREIRO DE 2020

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 6 de febreiro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 3 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Blanco Rodríguez, técnica de Administración xeral
D. Rubén Pérez Correa, representante do grupo municipal mixto
D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local (asiste ao punto 11)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 9a e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (CARLINGAL, S.L., PAIPEL-OR, S.L. e PAZ DISMAC, S.L.) a este procedemento segundo consta na plataforma de licitación electrónica e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	% de desconto único
1	CARLINGAL, S.L.	12%
2	PAIPEL-OR, S.L.	8%



	Licitador	% de desconto único
3	PAZ DISMAC, S.L.	11%

Asiste á apertura D^a. Natalia González Llanos, con DNI ****.*60.11***, en representación de CARLINGAL, S.L.; D^a. Isabel Pampillón Cariña, con DNI ****.*31.77*** e D^a. Ana M. Pérez López, con DNI ****.*95.63*** en representación de PAZ DISMAC, S.L.; D. Víctor Fernández González, con DNI ****.*88.77***, en representación de LYRECO ESPAÑA, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a CARLINGAL, S.L., PAIPEL-OR, S.L. e PAZ DISMAC, S.L. para que presenten o anexo VI ao PCAP "grupo de empresas" esixido no apartado 6b do Anexo I -FEC-.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material de oficina consumible (6.414-241)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (CARLINGAL, S.L., GRUPO DISOFIC, LYRECO ESPAÑA S.A., PAIPEL-OR, S.L., PAZ DISMAC, S.L., SUPPLIES ELECTRONICS IMAGING NET FOR OFFICES S.L. e VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L.) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	% de desconto único	prezo total (inclúe iva)
1	CARLINGAL SL	10%	13.547,93
2	GRUPO DISOFIC	40%	14.010,42
3	LYRECO ESPAÑA S.A.	40%	18.534,94
4	PAIPEL-OR, S.L.	20%	12.391,07
5	PAZ DISMAC, S.L.	35%	12.806,75
6	SUPPLIES ELECTRONICS IMAGING NET FOR OFFICES S.L.	38,10%	16.713,00
7	VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L	20%	12.508,08

Asiste á apertura D^a. Natalia González Llanos, con DNI ****.*60.11***, en representación de CARLINGAL, S.L.; D^a. Isabel Pampillón Cariña, con DNI ****.*31.77*** e D^a. Ana M. Pérez López, con DNI ****.*95.63*** en representación de PAZ DISMAC, S.L.; D. Víctor Fernández González, con DNI ****.*88.77***, en representación de LYRECO ESPAÑA, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e a Mesa acorda,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:40	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE49-EHB536-ACDB83-YWQYFL-XT8EG8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

por unanimidade:

1. Admitir a LYRECO ESPAÑA S.A. e VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
2. Conceder un prazo de tres días a CARLINGAL, S.L., GRUPO DISOFIC, PAIPEL-OR, S.L., PAZ DISMAC, S.L. e SUPPLIES ELECTRONICS IMAGING NET FOR OFFICES S.L. para que presenten o Anexo VI ao PCAP “grupo de empresas” esixido no anexo IX.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito Runrunvigo (19.219-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 3 de febreiro de 2020 de valoración do sobre B “proposición avaliada mediante fórmula” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de papel de fotocopiadora e impresoras (6.403-241)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 3a conceder un prazo a todos os licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito Runrunvigo (19.219-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito Runrunvigo (19.219-333) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CRONO CHIP S.L.	97
2	TEAM RELAY SL	66



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRONO CHIP S.L. (B-98.504.582), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación esixida nas cláusulas 8 e 22.1 do PCAP, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Escritura de constitución.
3. Poder de representación e DNI do apoderado.
4. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
5. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.
6. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
7. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º Aprobar o expediente de contratación (16574-77) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de “SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:40	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE49-EHB536-ACDB83-YWQYFL-XT8EG8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 1 de agosto de 2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares de 9 de setembro de 2019 que rexerán a contratación de "SERVICIOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL".

3º.- Aprobar, por procedemento anticipado, o gasto por importe de 1.799.440,65 €, para a contratación de servizos de formación do PROGRAMA "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL", con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279920 FORMACIÓN VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2020.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de decembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral" (16.574-77) na seguinte orde descendente:

PUNTUACIÓNS FINAIS DEFINITIVAS					
Lote	Empresas licitadoras	SOBRE B	SOBRE C: PREZO	SOBRE C: EXPERIENCIA	TOTAL
Lote 1	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	49	20	78,00
Lote 2	GRUPO AVANTFOR, S.L.	18	49	0	67,00
Lote 3	CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	20	46,19	26	92,19
	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	19	45,04	26	90,04
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	13	49	26	88,00
	CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	15	33,67	21	69,67
	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	28,24	21	58,24
Lote 4	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	20	49	26	95,00
	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	46,6	21	76,60
Lote 5	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	20	47,85	26	93,85
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	12	49	25	86,00
	ESTUDIOS MEGA, S.L.	12	47,01	19	78,01
	CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (CIP)	16	35,31	19	70,31
	UTE: ASESORÍA ESTUDIO EMPRENDEDOR, S.L. E YOLANDA MARÍA SANTOS PEREZ	6	44,47	6	56,47
Lote 6	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	27	18	54,00
	MOBA SKILL TRAINING, S.L.	15	49	16	80,00
Lote 7	GRUPO AVANTFOR, S.L.	18	28,15	0	46,15
	MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	20	49	26	95,00
Lote 8	CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L.	9	27,18	17	53,18
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	15	49	22	86,00
	UTE: BEPROJECT CONSULTORÍA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. E IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO	15	45,49	16	76,49
	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	17	27,69	18	62,69

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1), GRUPO AVANTFOR, S.L. (lote 2), CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (lote 3), MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (lotes 4, 5 e 7), MOBA SKILL TRAINING, S.L. (lote 6) e G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (lote 8), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21/22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- (“inscrición no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Xunta de Galicia conforme ao Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o sistema de formación profesional para o emprego”).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1), GRUPO AVANTFOR, S.L. (lote 2), CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (lote 3), MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (lotes 4, 5 e 7), MOBA SKILL TRAINING, S.L. (lote 6) e G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (lote 8), o día 2 de xaneiro de 2020, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 22 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L., GRUPO AVANTFOR, S.L. e MOBA SKILL TRAINING, S.L. para que puideran emendar a documentación presentada. A documentación presentada polo resto dos licitadores considerouse correcta.

Dentro do prazo concedido os tres licitadores citados presentaron a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de febreiro de 2020 revisou a documentación presentada por CENTRO DE FORMACIÓN ICA, S.L., GRUPO AVANTFOR, S.L. e MOBA SKILL TRAINING, S.L., sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1), GRUPO AVANTFOR, S.L. (lote 2), CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (lote 3), MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (lotes 4, 5 e 7), MOBA SKILL TRAINING, S.L. (lote 6) e G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (lote 8), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:40	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE49-EHB536-ACDB83-YWQYFL-XT8EG8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (lote 1), GRUPO AVANTFOR, S.L. (lote 2), CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (lote 3), MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (lotes 4, 5 e 7), MOBA SKILL TRAINING, S.L. (lote 6) e G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (lote 8), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 4 e 23 de decembro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a CENTRO FORMACIÓN ICA, S.L. (B-36.995.934) o lote 1 “Actividades auxiliares de comercio (COMT0211)” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77) por un prezo total de 115.071,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 26% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*
2. *Adxudicar a GRUPO AVANTFOR, S.L. (B-94.146.263) o lote 2 “Operacións básicas de catering (HOTR0308)” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77) por un prezo total de 108.033,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 24,98% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*
3. *Adxudicar a CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (Q-2866001-G) o lote 3 “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS02208)” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77) por un prezo total de 89.206,65 euros (exento de IVE), cun desconto do 44,37% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.*
4. *Adxudicar a MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U (B-27.700.475) os lotes 4, 5 e 7 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77) coas seguintes condicións:*



- O prezo total do lote 4 “Actividades de venda (COMV0108)” é de 455.358,60 euros (exento de IVE), cun desconto do 49,50% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
 - O prezo total do lote 5 “Organización e xestión de almacéns (COML0309)” é de 235.948,95 euros (exento de IVE), cun desconto do 48% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
 - O prezo total do lote 7 “Actividades de xestión do pequeno comercio (COMT0112)” é de 206.565,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 49% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
5. Adxudicar a MOBA SKILL TRAINING, S.L. (B-32.327.934) o lote 6 “Operacións básicas de cociña (HOTR0108)” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77) por un prezo total de 358.058,25 euros (exento de IVE), cun desconto do 44,52% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.
6. Adxudicar a G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS, SL. (B-36.993.509) o lote 8 “Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210)” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (16.574-77) por un prezo total de 231.198,30 euros (exento de IVE), cun desconto do 40,47% a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP e cos compromisos de experiencia de persoal recollidos na súa oferta.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 06:40	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AE49-EHB536-ACDB83-YWQYFL-XT8EG8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		